

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE DECEMBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se nomea director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a David Cabañó Fernández.
- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan de implantación da notificación electrónica na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- Acordo polo que se aproba a prórroga para o exercicio 2017 do contrato plurianual de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se aproba o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación, por unha contía de dezaoito millóns douscentos sete mil setecentos vinte e catro euros con corenta

e sete céntimos (18.207.724,47€), da obra de conversión en autovía do corredor CG-4.1 do Morrazo. Subtreito III: p.q. 7 + 300 ao 11 + 150. Tramitación anticipada de gasto.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da Resolución pola que se incrementa o orzamento da oferta pública de adquisición dos terreos mediante compra para o desenvolvemento das etapas 3ª (fase B), 4ª, 5ª e 6ª do solo residencial de San Paio de Navia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a ampliación do fondo de provisións técnicas das SGR do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dun programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas (Re-solve 2016), por un importe de cen mil euros (100.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a exención das garantías ao abeiro do artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2017 e se procede á súa convocatoria. Importe total: dezaoito millóns de euros (18.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña, para o desenvolvemento do programa "Avaliación e tratamento terapéutico de menores

en situación de risco ou desamparo". Importe: cento setenta e nove mil cento trinta e seis euros con vinte e catro céntimos (179.136,24 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución de concesións de subvencións a redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa (District Heating).
- Informe sobre medidas contra a pobreza enerxética.
- Informe sobre o balance dos programas de financiamento a pemes 2016.

A XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS A DAVID CABAÑÓ FERNÁNDEZ

- *Ocupaba o cargo de director xeral de Política Financeira e Tesouro na Consellería de Facenda*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento como director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a David Cabañó Fernández, que ata o momento ocupaba o cargo de director xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda.

Cabañó Fernández ocupará a nova Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, froito da fusión da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro coa Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.

David Cabañó Fernández (1970) é licenciado en Administración de Empresas pola Universidade da Coruña, e especialista en Banca, Finanzas e Seguros (máster pola Universidade de Santiago de Compostela).

Dende 1999 é funcionario do Corpo de Xestión da Administración da Xunta de Galicia, na escala técnica de finanzas. En febreiro de 2015 foi nomeado director xeral de Política Financeira e Tesouro, cargo que ocupaba ata a actualidade.

A XUNTA PUBLICARÁ 185 ESTADÍSTICAS EN 2017, CON NOVAS ANÁLISES DO TÉXTIL, O GRAO DE URBANIZACIÓN E A ESPERANZA DE VIDA

- *Esta oferta inclúe 138 estatísticas propias, 32 actividades de interese estatístico e 15 actividades de análise*
- *Este é o primeiro programa do Plan 2017-2021, que consolida e amplía os logros dos anteriores e aposta pola calidade e a transparencia*
- *O IGE e os órganos estatísticos das consellerías destinarán 1,3 millóns de euros dos seus orzamentos para executar as estatísticas programadas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico da Comunidade Autónoma para 2017, a través do cal a Xunta realizará o vindeiro ano 185 estatísticas e ampliará información sobre o sector téxtil, o grao de urbanización das seccións censuais e a esperanza de vida. Estas 185 estatísticas inclúen 138 operacións e actividades estatísticas propias, 32 actividades de interese estatístico e 15 actividades de análise.

Entre as novidades do vindeiro ano, o Instituto Galego de Estatística (IGE) analizará o sector téxtil, da confección e do calzado. O IGE continúa coas análises anuais de sectores da economía galega, iniciadas en 2012 coa cadea forestal e que continuou nos seguintes anos co automóbil, a pesca, a cultura e o transporte.

Outras novidades no eido estatístico en 2017 serán unha nova operación no ámbito demográfico, para calcular a esperanza de vida sen limitacións, e unha nova clasificación das diversas unidades territoriais por grao de urbanización, a estimación das cargas poboacionais que soportan e a ampliación da información por concellos a partir dos ficheiros administrativos dispoñibles.

Igualmente, o Instituto Galego de Estatística seguirá a executar as grandes enquisas dos programas anteriores como son a enquisa de poboación activa (EPA) e a Enquisa Estrutural a Fogares, que completará a súa difusión con información sobre condicións no traballo. En total, o IGE e os órganos estatísticos das diversas consellerías destinarán 1,3 millóns de euros dos seus orzamentos para executar as estatísticas programadas.

Primeiro programa do Plan galego de estatística 2017-2021

O programa 2017 é o primeiro do Plan galego de estatística 2017-2021, marco legal que aposta pola calidade e que servirá para consolidar e ampliar os logros dos anteriores. Ademais, coloca Galicia entre o reducido número de comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas.

O plan asume expresamente o código de conduta adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo, co que a organización estatística de Galicia queda sometida aos seus principios entre os que destacan a independencia profesional do persoal estatístico, a calidade, a imparcialidade, a obxectividade e a transparencia.

AO REDOR DE 40.000 PENSIONISTAS BENEFICIARANSE DO COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DE 206 EUROS PARA O QUE A XUNTA INVESTIRÁ 8,2 MILLÓNS DE EUROS

- *A Xunta autoriza o proxecto de decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva*
- *Esta medida forma parte da aposta decidida do Goberno galego de seguir apoiando as persoas e familias con menos recursos*
- *En 2017, as partidas económicas no ámbito da inclusión social ascenderán a un total de 106,9 millóns de euros.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto que establece o complemento extraordinario para persoas con pensións non contributivas da Seguridade Social (PNCS), do Fondo de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimo (SGIM). A contía individual deste complemento fíxase nos 206 euros, e Galicia é unha das comunidades que achega o importe máis elevado a cada pensionista. O Goberno galego destinará case 8,2 millóns de euros a esta axuda de carácter social que ten por obxecto contribuír á mellora da renda das persoas cun nivel reducido de ingresos, e da que se beneficiarán en 2016 ao redor de 40.000 pensionistas.

Esta prestación aboarase nun pagamento único e non precisa de solicitude previa por parte da persoa beneficiaria, xa que este se realizará de oficio a todas as persoas que reúnan os requisitos establecidos no decreto. Estes son: ter a residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina o 1 de xaneiro de 2016 e permanecer nesta mesma situación de alta o día en que se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) este decreto.

Un ano máis a Administración autonómica mantén este complemento dirixido ás pensións non contributivas, dentro da aposta do Goberno galego de seguir apoiando ás persoas e familias con menos recursos. Nesta liña, en 2017 as partidas económicas no ámbito da inclusión social alcanzan un total de 106,9 millóns de euros. Dentro deste eixe, cómpre salientar o incremento do crédito inicialmente consignado para a RISGA, que ascende a 57,5 millóns de euros, ou do destinado ao Plan concertado, que rexistra un incremento do 27,68% ata acadar os 10,9 millóns de euros, así como que o Goberno autonómico continuará coa implementación das medidas da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 e na Axenda Social de Galicia.

A XUNTA APROBA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA NOTIFICA.GAL COMO A CANLE ÚNICA PARA O ENVÍO DE NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

- *A notificación electrónica, obrigatoria en determinados colectivos desde o 2 de outubro, está activada en 290 procedementos e estenderase ao longo de 2017*
- *Unha vez completada a súa implantación, este sistema permitirá un aforro anual aproximado de 2 millóns de euros*
- *A Administración autonómica puxo en marcha este servizo en xaneiro deste ano e rexistrou máis de 26.000 notificacións*
- *Galicia ten xa en marcha servizos da Administración dixital que a Lei 39/2015 exige para 2018*
- *O Consello da Xunta tamén foi informado hoxe da nova versión das guías para a habilitación electrónica de procedementos administrativos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, que acaban de adaptarse á nova normativa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe establecer o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, Notifica.gal, como a canle única para o envío das notificacións electrónicas á cidadanía por parte de todo o sector público autonómico. A implantación deste servizo é un dos requirimentos da Lei 30/2015, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro. Desde ese día a lei establece a obrigatoriedade de relacionarse de xeito electrónico coa Administración para determinados colectivos (persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica, profesionais con colexiación obrigatoria e empregados públicos).

O sistema <https://notifica.xunta.gal>, permite á Administración enviar notificacións electrónicas fidedignas con xustificante de recepción con selo electrónico da Xunta, que confirma tanto o acceso como o rexeitamento da notificación.

Funcionamento

O sistema funciona como un enderezo electrónico. Así, os receptores das notificacións teñen en Notifica.gal unha caixa de correo electrónico asociado ao seu NIF ou certificado electrónico e alí poden consultar as comunicacións recibidas. Previamente, recibirán un aviso no seu móbil ou correo electrónico de que teñen unha notificación pendente. A primeira vez que reciban unha notificación electrónica recibirán unha comunicación postal co aviso da notificación electrónica, lembrándolle a súa obriga de relacionarse electronicamente coa Administración

Aquelas persoas que non teñen esta obriga poden seleccionar o medio de notificación preferente, ben a través de Notifica.gal ou vía postal. Con independencia da opción elixida, a Administración creará sempre de oficio un enderezo habilitado en Notifica.gal para que poida optar por esta vía cando o desexe.

290 procedementos habilitados con notificación electrónica

A Administración autonómica vén traballando no desenvolvemento deste sistema desde primeiros de ano, rexistrando máis de 26.000 notificacións electrónicas de 20 procedementos. Hoxe en día hai xa 290 procedementos habilitados con este sistema e progresivamente activarase nos restantes procedementos incluídos na Guía de procedementos e servizos da Xunta que requiren de notificación. Ademais estase a traballar na catalogación, codificación e habilitación da notificación daqueles procedementos por instancia de parte ou de oficio que actualmente non están incorporados na guía.

A implantación de Notifica.gal vai acompañada dun programa formativo para os empregados públicos das unidades tramitadoras. Xa se formaron preto de 500 usuarios dos servizos centrais e das delegacións e as xornadas formativas continuarán ao longo do primeiro trimestre de 2017, ademais incorporaranse ao programa formativo da EGAP contidos teóricos e prácticos sobre a notificación electrónica.

Actualización das guías de procedementos

O Consello da Xunta tamén foi informado hoxe da nova versión das guías para a habilitación electrónica de procedementos administrativos na Administración xeral e no Sector Público autonómico de Galicia, que veñen de adaptarse ás Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Estas guías van encamiñadas a potenciar a modernización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos, á redución de trámites e cargas burocráticas, ademais de facilitar a relación entre os cidadáns e a Administración, contribuír a reducir os custos administrativos das actividades empresariais e axudar a mellorar a competitividade das empresas grazas á promoción da sede electrónica como canle preferente na tramitación administrativa.

Estas guías prevén a obrigatoriedade de relacionarse coa Xunta de Galicia a través de medios electrónicos para as persoas xurídicas, profesionais colexiados, incluídos notarios e rexistradores, representantes dunha persoa interesada obrigada a relacionarse electronicamente e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de empregado público. Só as persoas físicas poderán elixir se se relacionan coa Administración a través de medios electrónicos ou non.

Lei 39/2015

Ademais das notificacións electrónicas, a Administración autonómica galega ten en marcha outras das principais pezas da Administración dixital que exige a Lei 30/2015

do procedemento administrativo común das administracións públicas. Esta normas establece iniciativas concretas e prazos (outubro de 2016 e outubro de 2018) para consolidar unha administración en que o procedemento electrónico sexa o habitual e non a excepción.

Outubro de 2016: interoperabilidade e sede electrónica

A lei estipula que desde o pasado mes de outubro as administracións non deben esixir aos usuarios documentos que xa figuran no seu poder. A Xunta conta xa desde 2015 coa Plataforma de interoperabilidade Pasaxe!, con preto de 40 certificados dispoñibles, que este ano evitou a presentación de máis de 2 millóns de documentos (certificados de discapacidade, familia numerosa, parella de feito, títulos universitarios...).

A sede electrónica da Xunta leva rexistradas máis de 65.000 xestións en liña, onde tamén se poden consultar todos os procedementos administrativos dispoñibles e os prazos, como exige a nova lei. Ademais, a Xunta ten incorporados xa novos servizos na súa sede electrónica como a posibilidade de obter certificados asinados dixitalmente ou a de simplificar o seu acceso co servizo Chave 365, que substitúe o uso de certificados electrónicos por un sistema de claves concertadas no móbil.

A nova lei en vigor esixe, tamén, que a sede ofrezca outras funcionalidades, que se incorporarán progresivamente, como a posibilidade de presentar solicitudes masivas a través dela ou a publicación de todas as notificacións que se realicen ben sexan electrónicas ou en papel.

Outubro de 2018: arquivo electrónico único e rexistros dixitais, xa en marcha

Entre as iniciativas que a Lei 39/2015 marca para outubro de 2018 está a de dispoñer dun arquivo electrónico único, que a Administración autonómica xa ten en funcionamento desde este ano con 49 procedementos integramente dixitais. O arquivo electrónico permite xestionar o ciclo de vida completo de cada documento e posibilitará, tanto aos empregados públicos como ao propio interesado, recuperar e consultar calquera información dun expediente

Outra das obrigas para 2018 é que se dixitalicen todos os documentos que entran na Administración. Galicia adiantase a este requisito e, tanto o Rexistro Xeral da Xunta como os rexistros das delegacións provinciais dispoñen xa desta funcionalidade, que se estenderá ao resto das 533 oficias integradas no Sistema único de rexistros. Xunto con este obxectivo, abordarase a creación dun rexistro electrónico xeral.

Plan de Goberno e Administración Dixital 2020

O desenvolvemento destas actuacións está enmarcado o Plan de Goberno e Administración Dixital 2020, que a Xunta puxo en marcha en 2015 para acadar unha

Administración accesible, áxil nas respostas, con capacidade para anticiparse ás necesidades das sociedade e eficiente no uso dos recursos públicos que ofrece. Unha vez completado, o plan permitirá un aforro estimado de máis de 41 millóns de euros.

A AMTEGA REFORZARÁ A DIXITALIZACIÓN DA EDUCACIÓN, DOS SERVIZOS PÚBLICOS E A ESTENSIÓN DE REDES ULTRARRÁPIDAS ENTRE OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS PARA 2017

- ***A Axencia estenderá as aulas dixitais a todos os centros educativos de primaria, ESO e bacharelato***
- ***Reforzará os servizos dixitais para os cidadáns, acadando os 1.300 trámites en liña na sede electrónica e incidirá no fomento da interoperabilidade con novos trámites dispoñibles na Plataforma Pasaxe!***
- ***Completará a segunda fase de extensión de redes ultrarrápidas en polígonos industriais e lanzará novas actuacións para incrementar as velocidades de conexión na Comunidade***
- ***A Amtega consolídase como o órgano único de xestión das TIC coa integración do Cixtec***
- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o calendario para a elaboración do novo contrato de xestión da Amtega para o horizonte 2020***

Tras cumprir en máis dun 90% os 118 indicadores e os 42 obxectivos operativos marcados para 2016 no seu primeiro contrato de xestión, aprobado hai catro anos, a Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) elevou hoxe ao Consello da Xunta o compromiso de elaborar en 2017 o novo contrato de xestión cos seus obxectivos globais para 2020.

O vindeiro ano, a Amtega ten entre as súas prioridades ampliar os obxectivos acadados en materia de dixitalización do ámbito educativo, da eAdministración ou extensión de redes ultrarrápidas na Comunidade. En total, a Axencia pública, contará para estas e outras actuacións, cun orzamento de case 100 millóns de euros.

Dixitalización da Administración e da Xustiza

No ámbito da Administración, en 2017 destinaranse 8,4 millóns de euros a continuar co proceso de consolidación de servizos postos en marcha nos últimos anos. Ampliaranse os trámites en liña na sede electrónica ata os 1.300, fomentarse o uso da Plataforma de interoperabilidade Pasaxe! e ampliaranse os trámites dispoñibles nela. A consolidación do sistema de notificacións electrónicas, activadas xa en 290 procedementos, ou o inicio do deseño dun sistema de atención a cidadanía e novas oficinas de asistencia en materia de rexistro serán outros dos obxectivos neste ámbito.

Para avanzar na implantación do expediente xudicial electrónico continuarase coas medidas do Plan Senda 2020 estendendo o sistema de gravación de vistas con sinatura dixital e as videoconferencias ata o 90% das salas de vistas. O orzamento previsto nesta área é de 5.3 millóns de euros.

Educación, Cultura, Turismo e Benestar

No ámbito educativo, destinaranse 5,5 millóns de euros a estender as aulas dixitais a todos os centros educativos de primaria, ESO e bacharelato no marco do proxecto Abalar. Especial incidencia terán, igualmente, as accións de formación e inclusión dixital para a cidadanía, ampliando en máis dun 100% a oferta formativa inicialmente prevista na Rede CeMIT ata acadar as 250.000 horas de formación e os 65.000 usuarios

Avanzarase na execución do Plan Smartturismo coa consolidación do uso da plataforma tecnolóxica, xa construída, que facilita a comunicación e colaboración co sector, e desenvolveranse novos servizos para as oficinas de turismo e albergues do Camiño de Santiago. No eido cultural, poranse en marcha novas liñas de actuación vinculadas á memoria dixital de Galicia, coa integración de novos fondos en Galiciana e a evolución dos sistemas de catalogación de recursos de arquivos, bibliotecas e museos. Ambas as áreas suman un orzamento de 4,5 millóns de euros.

As principais actuacións previstas no eido social son a consolidación da Historia social única electrónica, que xa conta con preto de 400.000 historias, e avanzar no modelo de Fogar Dixital.

Sectores Primarios

No sector Primario, en 2017 avazarase en dúas liñas do Programa Primare. No sector agrario, a través do desenvolvemento dunha plataforma de servizos de valor engadido tanto para os agricultores como para a Administración a través do uso de medios tecnolóxicos innovadores (drons, sensores, sistemas de intelixencia de negocio...) en ámbitos como os controis sobre o terreo, ou a evolución dos cultivos nas parcelas...; e no sector da pesca, cunha modernización dos procesos de xestión e comercialización nas lonxas de Galicia.

Redes ultrarrápidas

A ampliación do largo de banda tanto na rede corporativa da Xunta como para todos os galegos serán outro dos obxectivos para 2017 no ámbito das telecomunicacións. En 2017 investiranse 3 millóns de euros públicos para avanzar na dotación de redes de 300Mbps nos 81 polígonos industriais previstos no Plan de banda larga 2020 e no lanzamento de novas actuacións para estender o acceso a redes ultrarrápidas a todos os galegos.

Amtega, órgano único de xestión das TIC

A Amtega consolídase como órgano único de xestión das TIC coa integración do Cixtec, segundo recolle a Lei de acompañamento aos orzamentos da Xunta de 2017. O modelo de xestión integral das TIC, polo que apostou o Goberno galego coa creación da Axencia en 2012, permitiu acadar un aforro de máis de 7 millóns de euros grazas á

centralización de compras, á negociación única no pagamento de licenzas cando é imprescindible, ao fomento do emprego do software libre, a consolidación de infraestruturas nun único CPDI e á integración do gasto en telefonía e comunicación.

APROBADO O PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS DE GALICIA 2016-2022, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 19 MILLÓNS DE EUROS

- *Este documento constitúe unha ferramenta de planificación en materia de prevención e xestión de residuos industriais*
- *O Plan articúlase ao redor de 17 programas, 108 medidas específicas e 43 indicadores de seguimento*
- *Entre outros obxectivos, fixa unha redución dun 10% como mínimo ata 2020 dos residuos xerados*
- *Establece, ademais, medidas concretas novidasas, como limitar a autorización de vertedoiros de residuos industriais non perigosos mentres exista a capacidade autorizada suficiente para eliminar o equivalente ao vertido durante os últimos cinco anos*
- *Con esta ferramenta conclúese o proceso planificador na materia, dando efectivo cumprimento á Directiva marco de residuos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022, que disporá dun orzamento total de preto de 19 millóns de euros durante o seu período de vixencia. O documento articúlase ao redor de 13 obxectivos estratéxicos, 17 programas (un transversal de prevención, e 16 específicos segundo o tipo de residuos) e inclúe 108 medidas específicas e 43 indicadores de seguimento.

Coa aprobación deste plan, que se suma ao Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia e que subsume o Programa de prevención de residuos industriais e o Programa de xestión de residuos de construción e demolición, cuxa vixencia remataba este ano 2016, a Xunta culmina o proceso planificador en materia de residuos, dando efectivo cumprimento á Directiva marco de residuos.

O documento aprobado hoxe parte dunha diagnose completa dos residuos industriais e dos solos contaminados para achegar conceptos, principios e estratexias de cara a mellorar e acadar unha correcta xestión de residuos industriais nos próximos anos. Esta directrices contaron coa colaboración do sector produtor e xestor, que se implicou nos dous procesos de participación pública abertos durante a súa tramitación e incorporan, ademais, todas as directrices que marca o Plan estatal marco de residuos 2016-2022 (PEMAR).

O Plan basease nos seguintes principios reitores: xerarquía de residuos; autosuficiencia e proximidade; principio de "quen contamina paga"; responsabilidade ampliada do produtor do produto; loita contra o cambio climático; eficiencia no uso de recursos; responsabilidade compartida e facilitar o acceso á información.

Ademais, entre os 13 obxectivos estratéxicos que fixa, destacan os seguintes: a redución en 2020 da xeración dos residuos industriais como mínimo nun 10% fronte aos valores de 2010; o fomento da I+D+i no campo da prevención; reducir os efectos a nivel de cambio climático, e tender ao establecemento dunha economía circular.

Máis alá de orientacións xerais, o Plan inclúe tamén medidas concretas. Entre as máis innovadoras, destaca a limitación de novas autorizacións de vertedoiros de residuos industriais non perigosos mentres exista a capacidade autorizada suficiente para eliminar o equivalente ao vertido durante os últimos cinco anos; ou o feito de que se abra a posibilidade de establecer un canon ao vertido que desincentive esta actividade fronte á recuperación material do residuo.

Situación actual

Segundo os últimos datos, en Galicia prodúcese 2,4 millóns de residuos industriais ao ano, ben que a tendencia nos últimos anos foi de redución na xeración de residuos en xeral. Deste total, o 93% son residuos non perigosos. Os residuos de construción e demolición son os residuos maioritarios en canto ao seu volume de produción, seguido dos residuos derivados de procesos térmicos. As provincias da Coruña e Pontevedra seguen a concentrar a produción do 89% dos residuos industriais.

En canto ás infraestruturas existentes, hai unha ampla rede de xestores con instalacións con capacidade suficiente para a práctica totalidade de residuos. Son en total 655 instalacións de tratamento autorizadas.

Destas 655 instalacións, 195 son almacenamentos, 69 son plantas de clasificación de residuos, 369 realizan operacións de valorización e, por último, 22 son vertedoiros. A capacidade máxima autorizada destas instalacións elévase a máis de 10 millóns de toneladas ao ano.

Dos residuos non perigosos, valorízase o 82% da xeración mentres que o 14% é eliminado (o resto xestiónase como materia prima secundaria). No caso dos residuos perigosos, a maior porcentaxe, o 65% destínase a eliminación fronte ao 32% que se valoriza (como materia prima secundaria xestiónase o 3% restante).

Partindo destes datos, o PRIGA detalla os datos de xeración e xestión para os distintos fluxos de residuos. Ademais incorpora, un apartado específico dedicado aos solos contaminados, á eliminación en vertedoiro e ao movemento de traslados de residuos transfronteirizos.

Para todos eles, establécense obxectivos cuantitativos, cualitativos, medidas e actuacións concretas orientadas á consecución destes, indicadores de seguimento de

resultado e orzamento detallado. Así mesmo, en liña coa política da Consellería de Medio Ambiente, avalábase a incidencia do Plan sobre o cambio climático e o emprego.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LICITACIÓN DAS OBRAS DO TERCEIRO TREITO DA AUTOVÍA DO MORRAZO, ENTRE MEIRA E CANGAS, POR MÁIS DE 18 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego prevé iniciar os traballos antes do vindeiro verán, de xeito que a totalidade das obras de desdoblamento do corredor do Morrazo estarán en execución en 2017, ano en que se prevé rematar o treito 1 e avanzar de forma significativa no treito 2*
- *O treito 3, cun prazo de execución de 24 meses, ten unha lonxitude de 3,87 quilómetros e suporá a duplicación do viaduto da Fraga, así como a ampliación de dous pasos superiores e cinco inferiores*
- *A Autovía do Morrazo é a infraestrutura viaria con maior dotación orzamentaria da Xunta en 2017 e supón un investimento total de 55 millóns de euros*

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á licitación das obras do terceiro treito da Autovía do Morrazo, entre Meira e Cangas, por importe de máis de 18,2 millóns de euros. Así, o Goberno galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, iniciará nos vindeiros días o expediente de contratación dos traballos de desdoblamento do Corredor do Morrazo entre os puntos quilométricos 7+280 (enlace de Meira) e 11+150 (primeiro enlace de Cangas), cun prazo de execución de 24 meses.

O inicio do procedemento de contratación permitiralle ao Goberno galego comezar os traballos antes do vindeiro verán, logo do levantamento das actas previas á ocupación dos terreos necesarios para a súa execución, previsto para o primeiro trimestre do ano.


Desta forma, a totalidade das obras de construción da autovía do Morrazo estarán en execución en 2017, ano en que se prevé rematar os traballos do treito I (Rande-Domaio) e avanzar de forma significativa no treito 2 (Domaio-Meira).

O treito cuxa licitación autorizou hoxe o Consello da Xunta ten unha lonxitude de 3,87 quilómetros, desde o enlace de Meira, no p.q. 7+280 do actual corredor, ata o 11+150 deste, no primeiro enlace de Cangas (conexión coa VG-4.5). Neste enlace, ademais, completárase en sentido Alto da Portela a rehabilitación do firme no treito non afectado polo desdoblamento, polo que a lonxitude total do tramo de actuación será de 4,16 km.

Ademais do desdoblamento do tronco, estas obras suporán a remodelación parcial dos enlaces de Meira, en que se inicia a obra, e Moaña (coa PO-313, no p.q. 9+570); a duplicación do viaduto da Fraga, de 330 m; a ampliación de dous pasos superiores e cinco pasos inferiores existentes; e a reposición dunha pasarela peonil metálica (p.q. 8+980, á altura de Broullón).

O documento desenvolve o trazado aprobado polo Goberno galego no ano 2013, que recolle, entre outros, axustes de deseño en planta e en alzado para minimizar os movementos de terras, compensando no posible o volume de desmorte co de terraplén. Con este obxectivo, neste treito mantense a solución de alternancia do desdoblamento pola marxe dereita e pola esquerda, buscando o maior aproveitamento posible da calzada existente. Desde xeito, acádase unha solución optimizada, máis equilibrada e de menor impacto, xa que consegue un mellor reaproveitamento dos materiais existentes e un menor impacto visual, todo iso mantendo a máxima funcionalidade.

A autovía do Morrazo é a infraestrutura viaria con maior dotación orzamentaria da Xunta en 2017 (22 millóns de euros) e supón un investimento total de 55 millóns de euros.



A XUNTA AMPLÍA ATA DEZ MILLÓNS O INVESTIMENTO PARA ADQUISICIÓN DO SOLO NECESARIO PARA A CONSTRUCCIÓN DE 1.600 VIVENDAS PROTEXIDAS EN SAN PAIO DE NAVIA (VIGO)

- *Unha vez adquiridos os terreos, o Goberno galego prevé iniciar en 2017 as obras de urbanización da nova fase desta área residencial, para o que cómpre que o Concello axilice a aprobación da modificación do Plan parcial*
- *A ampliación do crédito inicial de 8 millóns de euros permitirá responder ás ofertas de venda prestadas polos propietarios dos terreos*
- *A Xunta impulsa en San Paio de Navia o maior proxecto en marcha en Galicia para a construción de vivendas protexidas, que poderá materializarse a pesar das limitacións urbanísticas derivadas da anulación do PXOM de Vigo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a ampliación en 2 millóns de euros do crédito dispoñible para a adquisición do solo necesario para a construción de 1.600 vivendas protexidas en San Paio de Navia (Vigo). Deste xeito, o Goberno galego investirá un total de 10 millóns de euros na adquisición deste terreo e que albergará o maior proxecto en marcha en Galicia para a construción de vivendas protexidas, que poderá materializarse a pesar das limitacións urbanísticas derivadas da anulación xudicial do PXOM de Vigo.

A ampliación de crédito de 8 a 10 millóns de euros permite dar resposta ás ofertas de venda recibidas na convocatoria aberta pola Xunta o pasado 30 de xuño, e que prevía unha valoración do solo a 126 euros o metro cadrado, ao que se engade o valor dos elementos existentes nos predios, como construcións, peches, arborado, etc.

Con esta oferta, o Goberno galego respecta o prezo fixado na resolución expropiatoria emitida pola Xunta no ano 2008 e que non chegou a materializarse a causa das complicacións urbanísticas e das dificultades económicas. Esta mesma semana comezaron a notificarse aos interesados as resolucións de aceptación das ofertas co obxectivo de que a maior parte delas sexa remitida antes do remate de 2016.

Rematado o prazo de presentación de ofertas e documentación, comprobouse que a contía inicialmente prevista era insuficiente para facer fronte a todas as ofertas, razón pola cal o Consello da Xunta autorizou incrementala en dous millóns de euros máis.

Unha vez adquirido o solo, a previsión da Xunta de Galicia é iniciar en 2017 as obras de urbanización do polígono 1, cunha superficie edificable de 86.048 metros cadrados, na que se poderán construír 732 vivendas protexidas. Posteriormente desenvolverase o polígono 2, cunha edificabilidade de 85.268 metros cadrados para 718 vivendas e finalmente farase o propio co polígono 3, no cal hai solo para 147 vivendas e as parcelas destinadas a usos terciarios.

Previamente será necesaria a aprobación da modificación do Plan parcial, que actualmente está a ser tramitada polo Concello de Vigo, co obxectivo de ampliar as posibilidades de edificación no ámbito. A Xunta de Galicia presentou o pasado mes de xuño ante a Administración local toda a documentación necesaria para realizar esta modificación do instrumento urbanístico e posteriormente realizou, de forma coordinada cos técnicos municipais as modificacións requiridas, polo que se agarda que se axilice a aprobación do Plan parcial por parte do Concello.

A modificación do Plan parcial tamén prevé o incremento substancial no número de prazas de aparcadoiro público, xa que se proxectan 1.230 prazas nas fases por desenvolver e 629 en terreos das fases xa urbanizadas, o que supón a execución de 1.859 novas prazas en San Paio de Navia.

Por outra parte, tamén na cidade de Vigo a Xunta iniciará o ano próximo a construción de 64 vivendas de promoción pública en terreos cedidos polo Concello a cambio do 10 por cento da edificabilidade. A redacción do proxecto para a construción de 26 vivendas na rúa Chantada xa foi adxudicada no pasado mes de novembro e en breve adxudicarase a redacción do proxecto para a construción doutras 38 vivendas na rúa Rogelio Grobas. O orzamento do IGVS para 2017 inclúe unha partida de 1,2 millóns de euros para o inicio da construción destas vivendas.

A XUNTA ACHEGA FINANCIAMENTO PARA 52 PROXECTOS DE PEMES GALEGAS QUE MOBILIZAN 35 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu nos últimos meses 12,65 millóns de euros a través de préstamos e axudas que contribúen á consolidación e internacionalización do tecido empresarial galego, especialmente das pemes, e á consolidación de máis de 2.000 postos de traballo*
- *O novo programa de créditos Igape-Pemes, dotado con fondos adicionais por cumprir Galicia os obxectivos de déficit, permitiu aprobar 16 operacións que mobilizarán preto de 11 millóns de euros*
- *A través dos préstamos BEI e do Galicia Investe, aínda abertos á presentación de novas solicitudes, apoiáronse polo de agora 29 proxectos relacionados sobre todo co sector industrial e que empregan a preto de 1.300 persoas*
- *O programa de incentivos rexionais do Goberno central, xestionado a través do Igape, facilitou a aprobación de investimentos que superaron os 16 millóns*
- *O Consello da Xunta autorizou a ampliación dos fondos do Programa Resolve en 225.000 euros para poder atender as solicitudes pendentes de resolución*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa mediante préstamos e axudas aprobados nos últimos meses un total de 52 proxectos, aos cales se destinan 12,65 millóns de euros, o que contribúe á mobilización de 35,6 millóns. Deste xeito, a Xunta continúa a amosar o seu compromiso co tecido empresarial galego, especialmente coas pemes industriais, facilitándolles así a posibilidade de medrar, ampliar a súa actividade ou apostar pola súa internacionalización, ao tempo que permite xerar e manter postos de traballo que, nesta ocasión, son máis de 2.000 empregos.

A Xunta inclúe instrumentos de financiamento como capital risco e préstamos participativos a través de XesGalicia, préstamos directos para investimentos e préstamos bancarios bonificados ou avalados. No Consello da Xunta de hoxe, a Consellería de Economía, Emprego e Industria informou da liña de axudas e préstamos concedidas neste marco a través do Igape para facilitar a realización de investimentos por parte das empresas galegas. Esta liña de traballo favorece sobre todo o fortalecemento das pemes galegas, unha das principais fontes de creación e sostemento do emprego.

Préstamos Igape-Pemes

A nova liña de préstamos Igape-Pemes promovida polo Igape e dotada con fondos adicionais por cumprir Galicia os obxectivos de déficit, facilitou a aprobación e formalización de 16 operacións por preto de 6,3 millóns de euros, o que permitiu apoiar investimentos empresariais por valor de 10,68 millóns e facilitar a creación e consolidación de 348 postos de traballo nas empresas beneficiarias.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a maior parte do importe concedido, ao redor do 75%, corresponde a investimentos no sector industrial, repartíndose a contía do resto de créditos entre o sector servizos, co 17%, e o turístico, co 8%.

Préstamos BEI

A través dos préstamos BEI, aprobouse ata agora a concesión de créditos por un importe total que supera os 3 millóns de euros para 8 empresas que desenvolven a súa actividade produtiva en ámbitos como o téxtil, a madeira e fabricación de mobles, a transformación de produtos lácteos ou pesqueiros, a elaboración de viños ou montaxes eléctricas.

As empresas beneficiarias, que suman actualmente unha facturación que supera os 140 millóns de euros, empregan máis de 500 traballadores e destacan polo seu carácter exportador, reforzan así as súas estruturas financeiras. A través destes préstamos para circulante estrutural, as empresas desenvolverán plans de crecemento e incremento do volume de negocio. No caso das empresas de pequeno e mediano tamaño, todas as beneficiadas corresponden ao sector industrial ou servizos de apoio á industria.

Esta liña de préstamos con fondos BEI, que cobre tanto operacións para investimentos como para circulante, está aberta ata o 31 de maio do próximo ano.

Galicia Investe

Dentro desta liña de apoio ao investimento das pemes galegas, a Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén activou a liña de subvencións Galicia Investe, que polo momento facilitou a aprobación de 21 proxectos que contribuirán ao mantemento de 732 postos de traballo, mobilizando investimentos por preto de 5,2 millóns de euros mediante a concesión de axudas que superan os 820.000 euros. As empresas beneficiarias corresponden principalmente ao sector industrial, incluíndo metalmecánico, madeira, granitos ou téxtil. O prazo actual de presentación de solicitudes ao programa Galicia Investe, que conclúe o 30 de decembro, está previsto que se amplíe ata o 31 de marzo de 2017.

Incentivos rexionais

De forma complementaria ao programa Galicia Investe, a través da liña de incentivos rexionais, que xestiona o Igape e que resolve e financia o Goberno central, este ano aprobáronse axudas por valor de 2,4 millóns de euros para 7 proxectos de grandes investimentos que suman 16,36 millóns de euros. Neste caso, cinco das iniciativas corresponden ao sector industrial, completando a lista de beneficiarios un proxecto relacionado coa hostalaría e outro coas artes gráficas. As axudas concedidas permitirán crear 28 novos postos de traballo e manter 413.

Neste caso, destacan os investimentos de Compañía Española de Algas Mariñas (Ceamsa), que inviste 7,8 millóns de euros para crear 6 novos empregos e manter 123 nas súas instalacións de Vigo, onde fabrica aditivos alimentarios a partir de algas mariñas; a viguesa Dinak, con sede tamén en Vigo, fabrica produtos metálicos e inviste preto de 3 millóns de euros para crear catro novos empregos e manter 170; ou J.V. Centro Jardín, que inviste 1,9 millóns na mellora dun hotel de catro estrelas en Monforte de Lemos para crear oito empregos e facilitar o mantemento doutros 21 empregos.

Resolve

Por outra parte, o Consello da Xunta autorizou a ampliación en 225.000 euros para poder atender as 75 solicitudes de financiamento de circulante pendentes de resolver, os fondos do programa Resolve, que este ano rexistrou un importante incremento da demanda. Polo de agora aprobáronse ao abeiro do Resolve 142 solicitudes para mobilizar préstamos por 6,5M€, superando xa o volume acadado en cada un dos dous anos anteriores.

A XUNTA CONSOLIDA A TARXETA BENVIDA AO INCLUIR UN MAIOR NÚMERO DE PRODUTOS E AMPLIAR OS BENEFICIARIOS ÁS FAMILIAS QUE ESTEAN EN SITUACIÓN DE GARDA CON FINS ADOPTIVOS DUN NENO/A MENOR DUN ANO

- *O Goberno galego autoriza un gasto plurianual de 18 millóns de euros para a nova convocatoria destas axudas, que se poderá incrementar no caso de que sexa necesario, co que se garante que todas as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na orde recibirán a correspondente achega económica*
- *Amplíanse os supostos que dan dereito á axuda, recollendo como novidade, ademais das familias que no ano 2017 teñan un fillo/a ou adopten un neno/a, aquelas que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno/a menor dun ano*
- *Tamén se aumentan os establecementos onde se pode utilizar a tarxeta aos de puericultura ou especializados en produtos e artigos para a infancia, dándose así cobertura a un maior número de produtos, tales como roupa, berces ou artigos para o paseo ou viaxe*
- *Estímase que 15.000 novas familias serán usuarias da Tarxeta Benvida en 2017, sumándose así ás que xa o son a día de hoxe, un total de 12.685*
- *Esta medida forma parte do Programa de apoio á natalidade e responde tamén ao Plan estratéxico rexional Galicia 2015-2020, en cuxo desenvolvemento están implicados varios departamentos autonómicos para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos/as que desexe*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que permitirá estender a Tarxeta Benvida aos nenos e nenas que nazan durante 2017 ao autorizar un gasto plurianual de 18 millóns de euros ao obxecto regular a concesión desta axuda económica. Este é un orzamento que se poderá incrementar no caso de que sexa necesario, co que se garante que todas as solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos na orde recibirán a correspondente achega económica.

Deste xeito, o Goberno galego consolida esta medida de apoio ás familias e de impulso demográfico da que se estima que se beneficiarán 15.000 novas familias, que se sumarán ás máis de 12.600 que xa son usuarias da Tarxeta Benvida na actualidade. Así mesmo, a nova convocatoria de axudas presentará importantes melloras con respecto á anterior, ampliando tanto os supostos que dan dereito á axuda como os lugares e produtos incluídos no programa.

Ao respecto, ademais das familias que no ano 2017 teñan un fillo/a ou adopten un neno/a menor dun ano, tamén se poderán beneficiar da Tarxeta Benvida aquelas que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno/a menor dun ano. Outra

novidade é que tamén se aumentan os lugares onde se pode utilizar a tarxeta, sumándose os establecementos de puericultura ou os especializados en artigos e produtos para a infancia ás farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación da convocatoria anterior. Desta maneira, darase cobertura á compra dun maior número de produtos, tales como roupa, berces ou artigos para paseo e viaxe.

A contía total da axuda, que se fai efectiva a través da Tarxeta Benvida, ascende con carácter xeral a 1.200 euros a razón de 100 euros mensuais durante o primeiro ano de vida do/a bebé. Con esta achega preténdese contribuír a sufragar os gastos derivados da crianza durante o primeiro ano de vida. No suposto de adopción ou situación de garda con fins adoptivos o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes no cal se emita a resolución administrativa ou xudicial e ata que o neno/a cumpra un ano.

Os requisitos necesarios para a concesión desta axuda son que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Galicia e que a renda da unidade familiar da declaración do Imposto da renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2015 non supere os 45.000 euros. Ademais, nos casos en que si se supera esta contía, teñen dereito á achega aquelas cuxa renda per cápita –é dicir, a renda dividida entre o número de membros da familia- non é superior aos 13.500 euros. Por último, nos casos nos que non se teña realizada a declaración do IRPF do ano 2015, terase en conta o certificado de ingresos que recolla a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

O prazo de presentación das solicitudes, que deberán estar dirixidas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, será de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o nacemento ou se dite a resolución administrativa ou xudicial para os supostos de garda con fins adoptivos e de adopción. O prazo de resolución da solicitude é de tres meses, a contar desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro.

Galicia referente no apoio ás familias e á natalidade

Este é o segundo ano que o Goberno galego convoca esta axuda, que forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia), proxecto global posto en marcha a finais de 2015 e que persegue dar resposta ás necesidades dos pais e nais galegos, garantir o benestar das familias e apoialas de xeito integral e continuo desde o primeiro momento. Do balance deste primeiro ano de aplicación do programa da Tarxeta Benvida resulta que no día de hoxe hai 14.000 solicitudes presentadas, e están posesión das familias un total de 12.685 tarxetas. A cifra de concesións está previsto que se incremente ata chegar ás 15.000, tendo en conta que as familias teñen dous meses desde o nacemento para solicitar a axuda, espérase que se presenten novas solicitudes ata finais de febreiro de 2017.

O obxectivo do Goberno autonómico é converter Galicia nun referente de servizos de apoio á natalidade e á familias. Neste sentido, a Tarxeta Benvida forma parte dun amplo abano de medidas e iniciativas englobadas no Programa de apoio á natalidade (PAN), que a Xunta de Galicia puxo en marcha a finais do ano 2015 coa finalidade de apoiar e protexer as familias, así como contribuír á revitalización demográfica e o remuda xeracional. O PAN ten tres eixes de intervención: axudas directas, servizos e conciliación.

No primeiro dos eixes –PAN Axudas- ademais da Tarxeta Benvida, inclúense outras medidas compatibles como a dedución fiscal por nacemento ou pago único por neno/a menor de tres anos. Ademais, na liñas de conciliación e servizos do PAN inscríbense, entre outras, medidas como o Bono Concilia, o Bono Coidado, o incremento de prazas públicas en escolas infantís para nenos/as de 0 a 3 anos ou as casas niño no rural.

O Goberno galego ten na atención ás familias e no reto demográfico dúas liñas de actuación prioritarias, e así o recolle no Plan estratéxico rexional de Galicia 2015-2020. Este plan, que por mor do seu carácter transversal implica no seu desenvolvemento a varios departamentos autonómicos, prevé un paquete integral de medidas para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.

AS UNIVERSIDADES GALEGAS RECIBIRÁN 3 MILLÓNS DE APOIO AOS SEUS SERVIZOS DE INVESTIGACIÓN

- ***A Consellería de Cultura e Educación asinará con elas unha addenda ao convenio establecido en 2014 para o desenvolvemento e consolidación dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación e as Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)***
- ***Garántese así o financiamento estable das infraestruturas e servizos científico-tecnolóxicos do SUG co fin de aumentar o potencial investigador das universidades galegas***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará coas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) unha addenda ao convenio de colaboración de 2014 para o desenvolvemento e consolidación dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación e as Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). En total serán 3 millóns de euros para 2017 e 2018, cos que se garante un financiamento estable das infraestruturas e servizos científico-tecnolóxicos do SUG co fin de aumentar o potencial investigador das universidades galegas

Con esta acción, que foi pioneira en España, búscase reforzar as unidades de apoio á investigación na procura dun modelo no cal o apoio á investigación se organice como un sistema integral, profesionalizado e unificado. Non en balde, entre os obxectivos principais deste acordo está propiciar a coordinación das actuacións das tres universidades do SUG neste ámbito, favorecendo así que se invista nas infraestruturas e persoal necesarios desde unha perspectiva de sistema; promover a xestión eficiente e sustentable dos servizos de investigación, e facilitar a transferencia dos seus resultados ás empresas, fomentando tamén a cooperación a este respecto.

Entre outros conceptos, poderán financiarse cos fondos vinculados a esta addenda a contratación de tecnólogos, expertos na xestión da I+D ou o pagamento de taxas de propiedade intelectual. A distribución dos fondos entre as 3 universidades faise de acordo con dous módulos de repartición, o primeiro deles unha parte fixa anual, correspondente ao 30% do total de cada anualidade que se repartirá entre as tres universidades a partes iguais; e o segundo, dun 70% da contía total de cada anualidade, que se distribúe en función de dous indicadores: os contratos captados no programa de recursos humanos e os fondos captados nos programas de consolidación e emerxentes. Ao abeiro destes criterios, a Universidade de Santiago de Compostela percibirá 1.392.000 euros, a Universidade de Vigo, 951.000 euros, e a Universidade da Coruña, 657.000 euros.

A colaboración comprometida pola Consellería en 2014, tamén de 1,5 millóns de euros por anualidade, permitiu o fortalecemento da actividade de investigación (promoción e

transferencia de tecnoloxía, asistencia técnica, proxectos de I+D, plans de formación,...), así como avances significativos no que atinxe á produción científica e tecnolóxica (colaboración, publicacións, teses doutorais, proxectos de I+D+i, etc.).

A XUNTA DE GALICIA INVISTE PRETO DE 180.000 EUROS NO PROGRAMA DE AVALIACIÓN E TRATAMENTO TERAPÉUTICO DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO

- *Trátase dun proxecto da Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar da UDC e, grazas ao convenio entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña, neste 2017 incrementaranse en 20 o número de posibles derivacións que se realizarán con respecto ao 2016, chegando á posibilidade de atender 220 casos*
- *O acordo experimenta unha mellora cuantitativa, xa que o orzamento consignado polo departamento autonómico aumenta un 10% con respecto a 2016*
- *Para a Xunta, é unha prioridade promover e potenciar a axeitada atención e tratamento terapéutico dos nenos/as que amosen desaxustes emocionais-condutuais severos relacionados coa situación de desprotección que sufriron*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña para o desenvolvemento do programa "Avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo" da Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF), e no que a Xunta investirá en 2017 179.136,24 euros, un 10,7% máis que no pasado 2016.

As necesidades dos/as menores atendidos/as e a demanda que deste programa se realizan os equipos técnicos de menores, fai necesario un incremento no número de posibles casos que hai que atender. Grazas a este acordo, no 2017 incrementaranse en 20 o número de posibles derivacións que se realizarán con respecto a 2016, chegando á posibilidade de atender 220 casos.

Os destinatarios deste programa son os nenos, nenas e adolescentes cun expediente aberto polo Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e que, ademais, amosan desaxustes emocionais severos por unha situación de desprotección ou maltrato, pola separación da súa familia (o que produciu a súa situación de desamparo), ou pola existencia de dificultades severas ou cronicadas na convivencia dentro da súa familia de orixe. Así mesmo, poderán ser beneficiarios/as, igualmente, a familia biolóxica ou acollidora do/da menor e os/as profesionais que se ocupan del/dela (educadores/as, traballadores/as sociais e outros/as profesionais dos centros de acollemento residencial ou centros de día), que teñen unha relación de coidado e que compoñen o contorno afectivo do/a menor, en canto que configuran o seu sistema de referencia.

Este programa desenvólvese a través dunha rede distribuída xeograficamente entre as catro provincias e conta con sete dispositivos de atención terapéutica en cada unha

das sete grandes cidades galegas. Estes centros contan cun total de 22 terapeutas especialistas en psicoloxía clínica, terapia familiar e psicoterapia infantil e adolescente.

O dito programa inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico dos/as menores derivados/as polos equipos técnicos de menores da Consellería; o seguimento e avaliación científica dos resultados e o asesoramento aos profesionais e cuidadores dos/as menores que estean recibindo o tratamento. Así mesmo, inclúe unha pauta formativa a través de análises e intervención en situacións de crise que se producen nalgúns menores como consecuencia das experiencias de risco e desamparo que viviron.

Cómpre destacar que ao abeiro desta iniciativa, se continúa co sistema de formación continua aos traballadores e traballadoras, para proporcionar formacións aos educadores que interveñen directamente cos menores do sistema de protección, de xeito que as sesións de terapia potencien a súa utilidade tanto en relación coa intensidade do traballo como coa permanencia deste. Esta capacitación dos profesionais e a análise grupal dos casos servirán para actualizar aspectos teóricos e prácticos da intervención en crise dentro do marco da atención á infancia.

A finalidade é crear instrumentos e criterios de intervención preventiva que permitan evitar intervención de contención física e medidas de emerxencia que non acostuman ter capacidade terapéutica e capacitar os profesionais no manexo de situacións de crise, a través da creación dunha "Rede de expertos" na intervención en crise e dun procedemento de supervisión. Esta formación deséñase como un recurso para crear sinerxía entre o Programa de tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo e os centros de acollemento residencial.

Os/as nenos/as incluídos no sistema de protección de menores constitúen unha poboación de gran vulnerabilidade. Por unha banda, a maioría deles entran no sistema logo de padeceren experiencias traumáticas de diferente índole ao longo das súas vidas nas súas contornas familiares. Por outra banda, unha vez dentro do sistema de protección, existe o risco de que aumente a súa vulnerabilidade polo dano que lles pode producir o cambio e a inestabilidade do contorno e dos profesionais que os atenden.

Así, a Xunta de Galicia considera prioritario promover e potenciar a través deste programa a axeitada atención e tratamento terapéutico dos nenos/as que amosen desaxustes emocionais-condutuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou cronificadas na convivencia dentro da súa familia de orixe.

Para a súa execución, é preciso contar cun equipo de profesionais con suficiente formación e experiencia, coordinados e supervisados baixo unhas directrices e metodoloxía común, que debe constituír unha rede de calidade na avaliación e tratamento de menores que é obxecto deste convenio, e que será seleccionado, formado e supervisado pola UIICF sobre a base de criterios científicos avalados por resultados de proxectos de investigación previos. Esta formación deséñase como un recurso para crear sinerxías.

A colaboración mantida coa Fundación Universidade da Coruña enmárcase dentro dos diferentes programas que se están a executar no ámbito da protección de menores que se desenvolven na nosa Comunidade Autónoma. Este programa complementa aos de acollemento residencial e familiar (unha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo temporalmente dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais), de atención de día e de integración familiar da Consellería de Política Social.

A XUNTA PROMOVE SETE NOVAS REDES DE ENERXÍA TÉRMICA CON BIOMASA QUE MOBILIZARÁN PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria resolveu apoios por 3,7 millóns de euros cos que administracións públicas e empresas poñerán en marcha sistemas district heating en Palas de Rei, Lugo, Outeiro de Rei, Ponteareas, O Barco de Valdeorras, Boqueixón e Melide*
- *Os proxectos suporán un aforro anual conxunto de 550.000 euros con respecto ao uso doutros combustibles, e permitirán evitar a emisión á atmosfera de 4.000 toneladas de CO₂ ao ano*
- *A iniciativa enmárcase dentro da Estratexia integral de impulso á biomasa, no marco da cal a Xunta xa apoiou a instalación de 3.000 caldeiras*
- *Esta nova orde súmase a outros plans do Goberno galego para impulsar o sector da biomasa térmica, como a rede de subministración instalada no Complexo Administrativo de San Caetano, que se puxo en marcha, e a colocación de caldeiras en seis hospitais públicos galegos ou diferentes sedes xudiciais*

A Xunta impulsa a posta en marcha de sete novos proxectos singulares de redes de subministración de enerxía térmica con biomasa (*district heating*) en empresas e administracións públicas que mobilizarán preto de 10 millóns de euros. Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, os proxectos apoiados, que suman 21 quilómetros en redes de distribución, permitirán un aforro anual de 550.000 euros ao ano con respecto ao uso doutros combustibles e evitarán a emisión á atmosfera de 4.000 toneladas de CO₂ ao ano, alcanzando unha potencia total de 8,6 MWt.

Para o desenvolvemento destas iniciativas, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia, concedeu apoios que suman 3,7 millóns de euros, e que alcanzan un 75% do total do investimento no caso das administracións públicas e un 65% no caso das pequenas e medianas empresas, ata un máximo dun millón de euros de axuda por proxecto.

A convocatoria, que se realizou baixo parámetros de concorrencia competitiva e que está cofinanciada con fondos Feder, é a primeira desta tipoloxía que se leva a cabo en Galicia vinculada á instalación de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa.

Coas axudas, instalaranse sistemas de *district heating* en edificios públicos de Lugo, Ponteareas, O Barco de Valdeorras, Boqueixón e Melide, onde tamén se dará servizo a vivendas, ademais de nas instalacións deportivas D10, en Outeiro de Rei, e o complexo turístico do Pazo de Laia, en Palas de Rei.

O programa desenvólvese no marco da Estratexia Integral de Impulso á Biomasa, que promove o uso deste combustible con fins térmicos para impulsar o desenvolvemento das áreas rurais e do sector primario, favorecer a economía familiar e das pemes, xerar emprego cualificado e mellorar a calidade de vida da cidadanía. Desde a súa posta en marcha en 2014, esta estratexia apoiou, entre outras iniciativas, a instalación de 3.000 caldeiras de biomasa en fogares, administracións e empresas galegas.

A orde, que impulsa o sector da biomasa térmica como combustible autóctono, renovable e respectuoso co ambiente, súmase a outros proxectos promovidos desde a propia Administración galega, como a rede de subministración de enerxía térmica xerada con biomasa -*district heating*- no complexo administrativo de San Caetano, que entrou en funcionamento este mes; o impulso do uso da biomasa no Servizo Galego de Saúde (Sergas) a través do Programa EcoHospital, e que permitiu que seis hospitais públicos galegos contén xa con caldeiras de biomasa, ou as actuacións realizadas en varios edificios xudiciais da Xunta de Galicia.

Na actualidade, en Galicia existen 9 plantas de produción de biomasa (6 de pellets e 3 de estelas, ás que se sumará unha cuarta en 2017). En total, a produción aproxímase ás 200.000 toneladas anuais (distribuídas ao 50% entre pellets e estelas); achegando 300 postos de traballo.

A XUNTA AMPLÍA AO GAS NATURAL AS AXUDAS CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA DAS QUE XA SE TEÑEN BENEFICIADO 6.000 FOGARES GALEGOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do ticket eléctrico social, axudou a preto de 5.000 familias a pagar as súas facturas e evitou o corte de subministración eléctrica de 1.000 fogares*
- *As axudas do ticket eléctrico son de ata 180 euros anuais, contía que ascende aos 300 euros para familias numerosas, mentres que para cortes permiten o pagamento de dúas facturas ao ano e un importe máximo de 200 euros*
- *A Dirección Xeral de Enerxía e Minas conta cun protocolo de colaboración coas empresas que comercializan os servizos de electricidade e gas natural, que informan as persoas en risco de corte da posibilidade de acollerse á unha axuda autonómica*
- *Ambos os programas se enmarcan dentro da Axenda Social de Galicia e completan outras iniciativas impulsadas desde a Xunta como o Plan de aforro e eficiencia nas vivendas galegas*

A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, axudou a paliar a pobreza enerxética de 6.000 familias galegas economicamente vulnerables a través de dous programas: o ticket eléctrico social, co que colabora no pagamento de parte da factura; e mediante axudas que evitan o corte da subministración de electricidade, medidas que se reforzarán este inverno coas axudas para gas natural.

Durante o Consello da Xunta celebrado hoxe informouse do número de fogares que se beneficiaron de ambas as iniciativas. En concreto, no que atinxe ao ticket eléctrico social, concedéronse un total de 4.955 axudas durante os últimos tres anos; mentres que as axudas para evitar cortes de subministración de luz xa superaron as 1.000 familias beneficiarias durante este primeiro ano en funcionamento.

O ticket eléctrico diríxese a persoas residentes na comunidade galega que convivan con menores de 18 anos ou discapacitados e con ingresos totais da unidade de convivencia inferiores a 1,5 veces o IPREM (9.585,19 euros anuais); ofrécense axudas de 180 euros ao ano, contía que ascende ata os 300 euros no caso de familias numerosas.

Pola súa parte, das axudas para evitar cortes na subministración da electricidade, unha medida que agora se ampliará ao gas natural, poden beneficiarse os residentes en Galicia con ingresos totais da unidade de convivencia inferiores ao IPREM (6.390,13 euros anuais) e que teñan facturas de luz ou gas natural pendentes despois da data límite de pagamento. Neste caso, as axudas teñen un límite máximo de dúas facturas por ano e un importe de 200 euros por solicitante.

Este segundo programa recolle un protocolo de colaboración para garantir o seu éxito. Así, cando unha familia vulnerable estea en risco de sufrir un corte de subministración eléctrica ou de gas como consecuencia dun impagamento ou dun atraso na factura, activarase un protocolo de urxencia que comeza cunha notificación da comercializadora ao cliente na cal é informado da posibilidade de acceder a esta axuda autonómica se os seus ingresos anuais son inferiores ao IPREM.

No momento en que o interesado presente a solicitude ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas indicará á compañía que paralice o corte de subministración durante o prazo dun mes, tempo necesario para proceder á resolución da axuda e ao pagamento á compañía comercializadora.

Neste protocolo de colaboración xa participan catro empresas que comercializan os servizos de luz e gas natural (Endesa, Iberdrola, EDP e Gas Natural) e dúas que se centran na subministración de electricidade (CHC e Viesgo). A estas compañías poderán irse sumando aquelas comercializadoras do mercado libre que o desexen.

Para ambas as axudas, a Xunta destinará, como en edicións anteriores, todos os recursos necesarios para cubrir as novas solicitudes, que se poderán presentar a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Para as axudas do ticket eléctrico, a data límite para realizar a petición será o 15 de xullo de 2017, cubrindo gastos de subministración na vivenda habitual comprendidos entre o 1 de xullo deste ano e o 30 de xuño de 2017. No caso das axudas para evitar os cortes, as solicitudes poderán presentarse ata o 15 de decembro do próximo ano.

Tramitación telemática

Dentro de obxectivo da Consellería de Economía, Emprego e Industria de que os cidadáns contén cun sistema áxil e transparente, a tramitación das solicitudes para ambas axudas farase de maneira telemática, habilitándose máis oficinas nas catro xefaturas territoriais da Xunta, en Santiago de Compostela e Vigo.

Ambas as axudas se enmarcan dentro da Axenda Social de Galicia e complementan o bono social. Desde a Xunta, estase a colaborar coas entidades sen ánimo de lucro, como Cáritas e Cruz Vermella, para chegar aos colectivos máis vulnerables; ademais do Plan de aforro e eficiencia nas vivendas galegas, que xa contribuíu a mellorar a calidade de máis de 7.000 fogares en dous anos, reducindo ata un 50% o custo que as familias teñen que afrontar para manter unha temperatura axeitada.